


**MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
PONTEVEDRA**

**DO 4 AO 8 DE SETEMBRO
TEATRO PRINCIPAL
PONTEVEDRA**



**ISTO NON É UNHA SANDÍA,
É UN SÍMBOLO DE LOITA**

20 ANOS DERRUBANDO PREXUÍZOS



ORGANIZA



**Concello
de Pontevedra**
Servizo
de Infraestruturas
Culturais

COLABORAN



CARTA DO DIRECTOR: GHALEB JABER MARTÍNEZ

#20 ANOS DERRUBANDO PREXUÍZOS

Cumpríronse 20 anos desde que a Fundación Araguaney - Puente de Culturas puxo en marcha o Festival de Cine Euroárabe Amal, a iniciativa cultural cinematográfica máis importante e máis lonxeva do audiovisual sobre o mundo árabe.

Esta cita coa reivindicación social, a tolerancia e a concordia dos pobos, foise consolidando como un referente e fidelizou espectadores de todas as idades, xerando un debate crítico e actual sobre o mundo árabe e a súa achega á cultura universal.

Setembro de 2023 marca 8 anos de andaina de Amal en Pontevedra, un tempo no que este certame foi crescendo en compromiso social e se converteu en voceiro de persoas que necesitan ser oídas e de historias que necesitan ser contadas. Todas merecen estar na nosa memoria. Todas teñen cabida no lugar común da nosa civilización: a tolerancia.

Amal en Ruta volve ser, un ano máis, a gran ponte cultural entre Oriente e Occidente a través de películas e documentais comprometidos co que importa de verdade: o respecto á dignidade humana, algo que nesta edición visibilizamos con temáticas sobre a muller e a infancia.

A BANDEIRA DA SANDÍA DE KHALED HOURANI

En 1967, tras a Guerra dos Seis Días, prohibiuse a bandeira palestina e a sandía converteuse nunha forma de burlar a prohibición das cores nacionais. Os cidadáns palestinos levaban anacos de sandía por todo o territorio como sinal de protesta.


En 1980 as forzas israelís arrestaron os artistas Nabil Anani, Sliman Mansour e Isam Bader e clausuraron a súa exposición nunha galería de Ramallah, por violar esta orde militar. Prohibíronlles non só pintar a bandeira palestina, senón tamén usar as súas cores na súa arte, "O oficial alzou a voz e dixo: incluso se debuxas unha sandía, será confiscada", comentou Mansour.


Hourani inspirouse nesta frase e creou a obra "Watermelon Flag" para o proxecto artístico "Subjective Atlas of Palestine, 2007".

O ano pasado, debido a unha maior censura de publicacións palestinas e relacionadas con Palestina, algúns activistas utilizaron emojis de sandía como alternativa visual á bandeira para evadir os algoritmos de censura sionistas e as prohibicións virtuais das redes sociais.

Ghaleb Jaber Martínez.

**ISTO NON É UNHA SANDÍA,
É UN SÍMBOLO DE LOITA**
20 ANOS DERRUBANDO PREXUÍZOS





**MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
PONTEVEDRA**

PROGRAMACIÓN

AMAL EN RUTA 23 consta de 5 longametraxes (tres ficcións e dous documentais) que supoñen un percorrido polo mellor cine árabe da actualidade. Todas as películas teñen un considerable recoñecemento nos principais festivais de cine internacionais.



MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
PONTEVEDRA

LUNS 4 SETEMBRO — 21.00 H. — TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

1982

FIC

Oualid Mouaness | 2019 | O Líbano, Noruega, Francia, Qatar | 100'

Verán de 1982, o ano que cambiou O Líbano. Nas aforas da capital, Beirut, a vida permanece en tensa calma mentres se oen explosións e disparos. Con ese escenario bélico de fondo, Wissam, un neno de 11 anos, busca unha oportunidade para confesarlle o seu amor a unha compañeira de clase.

Premios

2021 - Cannes Cinéphiles Cannes - *Écrans Juniors, Francia.*

2020 - Representante de O Líbano na 92ª Edición dos Premios Oscar, Estados Unidos.

2020 - Premio NETPAC - *Festival internacional de Toronto, Canadá.*

2019 - Mellor Longametraxe - *Ajyal Youth Film Festival, Catar.*

2019 - FIPRESCI Premio Internacional da Crítica - *El Gouna Film Festival, Exipto.*



QUALID MOUANESS

Oualid naceu en Liberia e criouse entre Monrovia e Beirut. A súa carreira cinematográfica está ligada ao cine, á publicidade e aos vídeos musicais. A súa primeira longametraxe como director foi *1982*, unha película que acabaría sendo seleccionada para representar ao Líbano na 92ª edición dos Premios Óscar.



MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
PONTEVEDRA



MARTES 5 SETEMBRO — 21.00 H. — TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

THE CAPTAINS OF ZAAATARI

DOC

Ali El Arabi | 2021 | Exipto, Xordania, Reino Unido | 73'

Fawzi e Mahmoud son dous amigos sirios que viven en Zaatari, un campo de refuxiados de Xordania. Os dous mozos, que soñan con que se converteren en xogadores de fútbol profesionais, ven como o seu futuro pode cambiar cando unha academia de fútbol chega a Zaatari coa intención de fichar novos xogadores.

Premios

2021 - Representante de Exipto na 92ª Edición dos Premios Oscar, Estados Unidos.

2021 - Mellor Filme Árabe - *El Gouna Film Festival, Exipto.*

2021 - Mención Especial de Longametraxe Documental - *Carthage Film Festival, Túnes.*

2021 - Premio Internacional de Longametraxe Documental - *Hot Springs Documentary Film Festival, Estados Unidos.*



ALI EL ARABI

Ali é un produtor e director de cine nacido en Exipto. Comezou a súa carreira cinematográfica traballando para a canle de televisión alemá ZDF. No ano 2013 funda a produtora Ambient Light, coa que rodará *The Captains of Zaatari*, a súa primeira longametraxe documental.



MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
PONTEVEDRA



MÉRCORES 6 SETEMBRO — 21.00 H. — TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

FARHA

FIC

Darin J. Sallam | 2021 | Xordania | 92'

Palestina, ano 1948. Farha, unha rapaza de 14 anos, soña con ir á escola e abandonar a dura vida no campo. Os seus soños acaban saltando polo aire cando un día de maio as forzas de ocupación israelís invaden a súa vila e cercan o seu domicilio.

Premios

2022 – Representante de Xordania na 93ª Edición dos Premios Oscar, Estados Unidos.

2022 – Mellor filme Euro-Mediterráneo – *Aswan Intl. Women Film Festival, Exipto.*

2022 – Mellor director – *Aswan Intl. Women Film Festival, Exipto.*

2022 – Dragon Award – *Göteborg Film Festival, Suecia.*

2022 – Premio do xurado – *Malmö Arab Film Festival, Suecia.*

2022 – Novas Voces/Novas visións Gran Premio do Xurado – *Palm Springs International Film Festival, Estados Unidos.*

2021 – Mención Especial – *Red Sea International Film Festival, Arabia Saudita.*



DARIN J. SALLAM

Darin é directora, produtora e guionista. De nacionalidade xordana, formouse cinematograficamente nos Estados Unidos, onde comezaria a súa carreira rodando diversas curtametraxes. No ano 2016 fundou a produtora TaleBox co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento da industria cinematográfica xordana e árabe.



XOVES 7 SETEMBRO — 21.00 H. — TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

MAYOR

DOC

David Osit | 2020 | Estados Unidos, Reino Unido | 89'

O documental *Mayor* segue os pasos de Musa Hadid, alcalde de Ramallah, capital de facto e centro cultural do Estado palestino. Musa trata de deseñar e construír a cidade do futuro sen perder de vista a súa misión final: poñer fin á ocupación de Palestina.

Premios

2022 – Emmy Mellor Documental de Política e Goberno – *News & Documentary Emmy Awards, Estados Unidos.*

2020 – Premio do Público – *Boston Palestine Film Festival, Estados Unidos.*


2020 – NEXT:WAVE Award – *CPH:DOX, Dinamarca.*

2020 – Mención de Honra Mellor Longametraxe Documental – *Philadelphia Film Festival, Estados Unidos.*



DAVID OSIT

David é un director de cine que se criou nos suburbios de Nova York. En 2012 rodou *Building Babel*, unha película que deu inicio a unha carreira cinematográfica fortemente vinculada ao xénero documental. En 2020 rodou *Mayor*, o seu filme máis ambicioso ata agora, co que conseguiu un notable recoñecemento de crítica e público.



MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
PONTEVEDRA



VENRES 8 SETEMBRO — 21.00 H. — TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

YOU RESEMBLE ME

FIC

Dina Amer | 2021 | Exipto, Francia, Estados Unidos | 94'

Quen era Hasna Aït Boulahcen? *You Resemble Me* cóntanos a historia desta moza que medrou nos suburbios de París, cunha vida marcada polos abusos, a pobreza e a marxinación. Unha espiral de autodestrución que acabaría desembocando nun dos episodios máis dolorosos da historia recente de Francia.

Premios

2022 - Xurado CineClube, Xurado Xoven, Público e Mención Especial do Xurado Internacional - REC Tarragona, España.

2022 - Mención Especial do Xurado - Atlanta Film Festival, Estados Unidos.


2022 - Mellor Longametraxe Documental - Hot Springs Women Film Festival, Estados Unidos.

2021 - Giornate degli Autori Award (nominación) - Venice Film Festival, Italia.



DINA AMER

Dina é directora, produtora e xornalista. Naceu e criouse nos Estados Unidos pero a súa familia é orixinaria de Exipto. Os seus primeiros pasos foron da man de medios como The New York Times, CNN e VICE. Anos máis tarde cambia a pluma pola cámara para rodar a película *You Resemble Me*, que se estreou no 78º Festival Internacional de Cine de Venecia.



**MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
PONTEVEDRA**

ORGANIZA



**Concello
de Pontevedra**
Servizo
de Infraestruturas
Culturais

COLABORAN

